		PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento.		X	Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Instrucións de manexo de controis, sensores e eventos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando controis, eventos e fíos.</li> </ul>	PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores e fíos.		X	Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando eventos, sensores.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Execución. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba.</li> <li>B2.10. Depuración e documentación de programas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Verificar o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.</li> </ul>	PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.		X	Verifica o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
		PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.		X	Verifica o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA

**PROGRAMACION 2ºESO**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZ. (1T/2T/3T)	GRADO MINIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<b>Bloque 3. Programación web</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Linguaxes de marcas para a creación de documentos web.HTML.</li> <li>▪ B3.2. Accesibilidade e usabilidade en internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Empregar os elementos das linguaxes de marcas para crear contidos accesibles.</li> </ul>	PROB3.1.1. Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas.	X	<i>Ver grao mínimo fixado na rúbrica: PROG_R2_CSC</i>	TRABALLO EN GRUPO
		PROB3.1.2. Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas.	X	Recoñece os elementos das linguaxes de marcas na creación contidos accesibles.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
		PROB3.1.3. Deseña páxinas web sinxelas e accesibles.	X	Diseña unha web sinxela	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Ferramentas de creación de contidos da web 2.0.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, gráfica e multimedia.</li> </ul>	PROB3.2.1. Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de páxinas web e contidos 2.0.	X	Elabora e publica contidos para ser publicados na web .	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA

## PROGRAMACION E CONTROL 2ºBAC

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZ. (1T/2T/3T)	GRADO MINIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	
<b>BLOQUE I: Hardware</b>						
• B1.1 Automatización de sistemas.	• B1.1 Coñecer o significado do vocabulario específico.	• PeC1.1.1 Elabora pequenos comentarios sobre obras propostas, con vocabulario propio da materia, de xeito claro e ordenado.	X		<i>Ver grao mínimo fixado na rúbrica: PeC_R2_CCL</i>	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
		• PeC1.1.2 Identifica a terminoloxía básica da linguaxe técnica usada en sistemas baseados co control por microprocesador.	X		Conoce la terminología de uns sistema de control	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
• B1.2 Análise dos sistemas de hardware libre existentes no mercado.  • B1.3 Estudo dos diferentes módulos dun sistema de control: CPU, módulos de entrada, módulos de saída	• B1.2 Identificar cada dispositivo de entrada/saída e interpretar correctamente cada unha dos seus terminais a partir do Datasheet.	• PeC1.2.1 Identifica cada módulo de E/S que conforma un sistema de control automatizado.	X		Identifica los módulos de un sistema de control	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
<b>BLOQUE II: Programación</b>						
• B1.4 Software programación: Scratch, S4A e IDE de Arduino	• B1.3 Realizar programas sinxelos en fluxograma e código	• PeC1.3.1 Realiza o análise de datasheets correctamente.	X		Realiza programas sinxelos en fluxograma e código	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
▪ B1.5 Internet das cousas. Interconexión dixital de obxectos cotiáns con internet		• PeC1.3.2 Manexa e interpreta correctamente distintas fontes de información.	X		Realiza programas sinxelos en fluxograma e código	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
		• PeC1.3.3 Identifica as principais partes do sistema a controlar.			Realiza programas sinxelos en fluxograma e código	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
		• PeC1.3.4 Recoñece os compoñentes de E/S para a realización da programación do sistema.	X		Realiza programas sinxelos en fluxograma e código	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
		• PeC1.3.5 Realiza comentarios críticos entre os membros do equipo de traballo.	X		<i>Ver grao mínimo fixado na rúbrica: PeC_R2_CSC</i>	TRABALLO EN GRUPO

**PROGRAMACION E CONTROL 2ºBAC**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZ. (1T/2T/3T)		GRADO MINIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• PeC1.3.6 Crea un site ou blog no que comenta o desenvolvemento e avance do proxecto.</li> </ul>	X		<i>Ver grao mínimo fixado na rúbrica: PeC_R2_CSC</i>	TRABALLO EN GRUPO
<b>BLOQUE III: Proxectos</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.6 Montaxe de robots con Arduino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4 Analizar en grupo o desenvolvemento do proxecto, reparto de tarefas, consenso, resolución de dificultades e na redacción da memoria final.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PeC1.4.1 Realiza o proxecto coa metodoloxía usada habitualmente en Enxeñería.</li> </ul>		X	Emprega un robot para resolver unha tarefa indicada.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.5 Realizar a memoria do proxecto de xeito adecuado utilizando unha linguaxe correcta, imaxes, planos e perfectamente pautado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PeC1.5.1 Utiliza o vocabulario axeitado.</li> </ul>		X	Documenta o proxecto realizado	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7 Publicación do proxecto na rede. Establecer contactos con outros Centros educativos para realizar actividades colaborativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.6 Utilizar diversas fontes para obter, relacionar e procesar información. Manter os dereitos de autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PeC1.6.1 Usa correctamente a web 2.0 para a comunicación de ideas e resultados</li> </ul>		X	<i>Ver grao mínimo fixado na rúbrica: PeC_R2_CAA</i>	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMATICA

## ROBÓTICA 1 BACHARELATO

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZ. (1T/2T/3T)			GRADO MINIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<b>Bloque 1. A robótica</b>							
B1.1. Orixe e evolución da robótica. B1.2. Áreas de aplicación da robótica. Tipos de robots.	B1.1. Analizar os tipos e as aplicacións dos robots identificando os problemas que resolven.	ROB1.1.1. Identifica aplicacións dos robots e describe a forma na que resolven os problemas para os que se deseñaron.	X			Identifica 5 aplicacións dos robots	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
		ROB1.1.2. Identifica os principais tipos de robots e describe as súas aplicacións.	X			Identifica 3 tipos de robots e describe as súas aplicacións	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
B1.3. Estrutura e funcionamento dos robots. Sensores, actuadores e controladores. Motores, transmisións e reductoras. Manipuladores.	B1.2. Describir a estrutura e o funcionamento dos robots.	ROB1.2.1. Identifica as partes dun sistema robótico e describe a súa función no conxunto.	X			Identifica as partes dun sistema robótico.	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
		ROB1.2.2. Explica o funcionamento dos sensores e actuadores máis habituais.	X			Explica o funcionamento de 4 sensores e de 4 actuadores	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
<b>Bloque 2. Programación e control</b>							
B2.1. Características das unidades de control. Hardware básico. B2.2. Conexión de sensores e actuadores coa unidade de control. Circuitos típicos para sensores e actuadores.	B2.1. Realizar montaxes de circuitos que funcionen como sensores e actuadores dun sistema de control.	ROB2.1.1. Identifica as características técnicas do controlador utilizado e os portos de comunicación.	X	X	X		PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
		ROB2.1.2. Conecta sensores e actuadores coa unidade de control.	X	X	X	Sabe montar o robot utilizado nas prácticas	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
B2.3. Diagramas de fluxo. Simbología. B2.4. Técnicas de análise de problemas mediante diagramas de fluxo.	B2.2. Analizar problemas e representar algoritmos que os resolven mediante diagramas de fluxo.	ROB2.2.1. Elabora algoritmos que resolven problemas utilizando diagramas de fluxo.	X	X	X	Realiza pequenos diagramas de fluxo	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
		ROB2.2.2. Analiza diagramas de fluxo e interpreta as instrucións que describen.	X	X	X	Entende os diagramas de fluxo	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
B2.5. Contornos e linguaxes de programación para controladores. B2.6. Estructuras e bloques fundamentais dun programa informático. B2.7. Estructuras de control:	B2.3. Realiza programas que controlan o comportamento de dispositivos ou sistemas robóticos.	ROB2.3.1. Deseña programas con estruturas de control, de almacenamento de datos e funcións.	X	X	X	Realiza programas con estruturas de control	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA
		ROB2.3.2. Realiza programas que controlan as saídas en función das entradas de acordo coas condicións establecidas.	X	X	X	Realiza programas que activen as salidas según o estado das entradas	PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA



<p>secuenciais, condicionais e iterativas. Almacenamento de datos: variables. Funcións.</p> <p>B2.8. Creación e modificación de programas. Ferramentas de depuración de programas.</p>		<p>ROB2.3.3. Programa unidades de control para controlar dispositivos ou sistemas robóticos.</p>	X	X	X	<p>Realizar programas para controlar o robot</p>	<p>PRÁCTICAS REALIZADAS NA AULA DE INFORMÁTICA</p>
<b>Bloque 3. Proxectos de robótica</b>							
<p>B3.1. Análise de problemas: necesidades estruturais, mecánicas, electrónicas e enerxéticas dun robot.</p> <p>B3.2. Técnicas de deseño e de construción de sistemas robóticos.</p>	<p>B3.1. Realizar o deseño estrutural, mecánico e electrónico dun sistema robótico mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p>	<p>ROB3.1.1. Deseña e planifica a construción dun sistema robótico que resolva un problema determinado.</p>	X	X	X	<p>Deseña a construción dun sistema robótico</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
<p>B3.3. Resolución de desafíos e problemas robóticos. Análise do problema. Diagrama de fluxo do funcionamento. Programación estruturada. Verificación e depuración.</p>	<p>B3.2. Realizar o deseño dun sistema robótico que utilice control programado para resolver un problema determinado.</p>	<p>ROB3.2.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema robótico de acordo coas especificacións previamente establecidas.</p>	X	X	X	<p>Realiza un programa para o robot según especificación previas</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
<p>B3.4. Técnicas de depuración de programas de control.</p> <p>B3.5. Técnicas de localización de fallos e avarías.</p>	<p>B3.3. Verificar o funcionamento dos programas e das montaxes.</p>	<p>ROB3.3.1. Realiza as probas necesarias para verificar o funcionamento dos programas e montaxes.</p>	X	X	X	<p>Sabe comprobar o funcionamento do programa</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
		<p>ROB3.3.2. Realiza as modificacións necesarias para a optimización do funcionamento.</p>	X	X	X	<p>Sabe mellorar un programa</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
<p>B3.6. Documentación técnica dun proxecto.</p> <p>B3.7. Comunidades e redes de intercambio en internet.</p>	<p>B3.4. Utilizar internet como fonte de información para o deseño do prototipo e para a resolución de problemas técnicos, respectando os dereitos de autoría.</p>	<p>ROB3.4.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación e construción e programación do prototipo.</p>	X	X	X	<p>Elabora informe do traballo que vai realizar</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
		<p>ROB3.4.2. Utiliza a información dispoñible en internet e respecta os dereitos de autoría.</p>	X	X	X	<p>Realiza búsquedas por internet da información necesaria para o proxecto</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
<p>B3.8. Técnicas de difusión de información.</p> <p>B3.9. Tipos de licenzas para compartir documentación e programas.</p>	<p>B3.5. Difundir o proxecto para poñelo a disposición da comunidade.</p>	<p>ROB3.5.1. Publica documentación do proxecto realizado.</p>	X	X	X	<p>Difunde o seu proxecto</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>
		<p>ROB3.5.2. Selecciona o tipo de licenza adecuado para compartir a información.</p>	X	X	X	<p>Difunde o proxecto con licenza CC</p>	<p>▪ PROXECTO REALIZADO NA AULA-TALLER</p>

## 5 METODOLOXÍA

A metodoloxía será moi práctica. Seguindo unhametodoloxía de proxectos y con prácticas realizadas no taller de tecnoloxía con actividades de auto-aprendizaxe, fomentando o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo.

En definitiva, a materia de Tecnoloxías na Educación Secundaria Obrigatoria trata de fomentar a aprendizaxe de coñecementos e o desenvolvemento de destrezas que permiten tanto a comprensión dos obxectos técnicos como a intervención sobre eles. Pretende tamén que os alumnos e as alumnas utilicen as novas tecnoloxías da información como ferramentas para explorar, analizar, intercambiar e presentar a información.

Tendo isto en conta, a metodoloxía propia da materia debe apoiarse en tres principios básicos:

- A adquisición dos coñecementos técnicos e científicos necesarios para a comprensión e o desenvolvemento da actividade tecnolóxica.
- A análise e manipulación dos obxectos tecnolóxicos.
- A emulación de procesos de resolución de problemas existentes.

Para isto combinaranse as explicacións teóricas, con resolución de problemas numéricos. Ademais os temas irán acompañados de prácticas xa sexan reais ou simuladas según a unidade didáctica da que se trate e da disponibilidad dos recursos do centro. Tamén se realizarán proxectos na aula-taller, con material de refugallo, como aplicación concreta de todo o aprendido nas diferentes unidades didácticas.

Na actualidade existen na rede multitude de recursos para traballar cos contidos de tecnoloxía, desde páxinas webs creadas por profesores da área que recollen apuntes, actividades, propostas de proxectos, animacións, etc. O aproveitamento destes recursos é moi interesante para a aprendizaxe dos alumnos, pois o que antiguamente o profesor explicaba na pizarra teno na pantalla do ordenador dunha forma moito mais atractiva, mellorando a motivación e interese do alumnado. Por eso tratarase na medida do posible usar e aproveitar ditos recursos.

## 6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento utilizará para as materias de TECNOLOXIA dos cursos 2º,3º e 4ºESO os recursos EDIXGAL e complementara co libro de texto en papel, da editorial Teide, que ten a súa disposición no departamento para todo o alumnado.

Non se fixou un libro de texto para as materias TIC(4º ESO), TIC I (1ºBAC), TIC II (2ºBAC), PROGRAMACIÓN (2ºESO) E PROGRAMACIÓN E CONTROL (2ºBAC) e traballará con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopen dispoñibles na rede.

Ainda que non fixou libro obrigatorio para as materias de TIC si se recomenda o libro de TECNOLOXIA DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN. SAVIA. da editorial SM para Bacharelato, para a súa compra voluntaria como libro de apoio.

O centro dispón dun AULA-TALLER onde se impartirán materias de TECNOLOXÍA e dunha aula de informática para as materias relacionadas coas TIC. A AULA-TALLER conta cunha pizarra dixital interactiva, e unha dotación básica xa deteriorada con el paso de los años

O alumnado pode descargar os materiais curriculares da aula virtual da web do centro, e se o solicita, dispoñer dunha versión en papel para fotocopiar. Nese caso, o alumnado debe asumir o custo das fotocopias que realice pero os boletíns de exercicios serán entregados en clase con cargo ao departamento.

A sostibilidade dos talleres depende en boa medida da recuperación de materiais e compoñentes, por iso desmontamos a maioría dos proxectos construídos nos cursos anteriores e empregamos materiais de refugallo sempre que é posible. Procuramos implicar ao alumnado nestas tarefas de recuperación de materiais e compoñentes ao final de cada avaliación.

## 7 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Para a avaliación dos contidos de materia terase en conta o grao de dominio dos contidos establecidos na programación entendendo que a suficiencia abarca os contidos mínimos e ampliando esta con contidos de ampliación.

A cualificación final trimestral será expresada en números enteiros de 1 a 10. Para superar a materia, o alumno ou alumna deberá obter unha nota de 5 "SUFICIENTE".

Os instrumentos utilizados para a avaliación deben de ser variados e poderán incluír:

- Preguntas orais de clase.
- Probas escritas, en cada avaliación.
- Realización, entrega e exposición de exercicios.
- Realización, entrega e exposición de traballos en grupo
- Realización de prácticas e proxectos.

A nota trimestral na materia de TECNOLOXÍA de 2º,3º,4º ESO e de TECNOLOXÍA INDUSTRIAL de 1º bacharelato, determinarase da seguinte maneira:

50% da cualificación final corresponde ós estándares de aprendizaxe medibles obxectivamente a través das probas de coñecemento (probas escritas).

40% da cualificación final corresponde a estándares de aprendizaxe avaliados a partir de actividades e tarefas realizadas polo alumno, (Prácticas, proxectos, seguimento diario e do caderno, entrega de informes e tarefas da casa)

10% da cualificación final corresponde a estándares de aprendizaxe avaliados a partir das rubricas establecidas no punto 2 desta programación onde se indica a contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave, nos que se terá en conta o cálculo  $(0.08 * CCL + 0.4 * CMCCT + 0.2 * CD + 0.2 * CAA + 0.01 * CSC + 0.1 * CSIEE + 0.01 * CCEC)$

Na materias de TIC(4º ESO), TIC I (1ºBAC), TIC II (2ºBAC), PROGRAMACIÓN (2ºESO), PROGRAMACIÓN E CONTROL (2ºBAC) e ROBOTICA (1BAC), as calificacións calcularanse tendo en conta o seguinte:

50% da cualificación final corresponde ós estándares de aprendizaxe medibles obxectivamente a través das prácticas ou outras tarefas realizadas na aula de informática.

40% da cualificación final corresponde ós estándares de aprendizaxe medibles obxectivamente a través das probas de coñecemento (probas teóricas ou prácticas).

10% da cualificación final corresponde a estándares de aprendizaxe avaliados a partir das rubricas establecidas no punto 2 desta programación onde se indica a contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave, nos que se terá en conta o cálculo  $(0.08 \cdot CCL + 0.15 \cdot CMCCT + 0.6 \cdot CD + 0.1 \cdot CAA + 0.01 \cdot CSC + 0.05 \cdot CSIEE + 0.01 \cdot CCEC)$

- Todo alumno que realice plaxios das actividades/prácticas/tarefas/proxectos dos compañeiros, con consentimento ou sen el, será avaliado cunha nota de 0 en dita actividades/prácticas/tarefas/proxectos.
- Todo alumno sorprendido copiando, seralle retirado o exame e avaliado cunha nota de 0.
- Todo alumno sorprendido nun exame con medios tecnolóxicos prohibidos, seralle retirado o exame e avaliado con 0.

### **Avaliación de xuño**

- A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media aritmética das notas das tres avaliacións.
- A materia pode aprobarse en xuño cunha avaliación suspensa sempre e cando a nota desa avaliación sexa como mínimo un 4 e a media das tres avaliacións sexa como mínimo de 5.

### **Avaliación extraordinaria finais de xuño (setembro en cursos anteriores)**

- O alumnado que non aprobe a materia en xuño dispón da convocatoria extraordinaria a finais de xuño (antes en setembro) para examinarse.
- Na materias de TECNOLOXÍA (ESO e Bacharelato) o alumnado non será examinado de traballo práctico no taller, só terá que realizar un exame escrito, baséandose nos contidos mínimos, tomaráse como referencia as que se inclúen nas probas práctico-escritas trimestrais. Poderase propoñer un proxecto voluntario para realizar antes da proba extraordinaria para ser entregado o día do exame o que pode supoñer a exención de parte da proba.
- Nas materias de TIC(4º ESO), TIC I (1ºBAC), TIC II (2ºBAC), PROGRAMACIÓN (2ºESO), PROGRAMACIÓN E CONTROL (2ºBAC) e ROBOTICA (1BAC) o exame da convocatoria extraordinaria a finais de xuño(antes en setembro) terá dúas partes: teórica + práctica (realizada cun ordenador).

CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO ÁS COMPETENCIAS CLAVE

	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	TOTAL COMPETENCIAS	TOTAL ESTANDARES
2TEC	8	24	11	16	4	9	2	74	25
	10,81%	32,43%	14,86%	21,62%	5,41%	12,16%	2,70%	100,00%	
	32,00%	96,00%	44,00%	64,00%	16,00%	36,00%	8,00%	296,00%	
	8,00%	40,00%	20,00%	20,00%	1,00%	10,00%	1,00%	100,00%	
3TEC	7	19	11	18	3	9	1	68	20
	10,29%	27,94%	16,18%	26,47%	4,41%	13,24%	1,47%	100,00%	
	35,00%	95,00%	55,00%	90,00%	15,00%	45,00%	5,00%	340,00%	
	8,00%	40,00%	20,00%	20,00%	1,00%	10,00%	1,00%	100,00%	
4TEC	10	28	11	18	7	11	4	89	31
	11,24%	31,46%	12,36%	20,22%	7,87%	12,36%	4,49%	100,00%	
	32,26%	90,32%	35,48%	58,06%	22,58%	35,48%	12,90%	287,10%	
	8,00%	40,00%	20,00%	20,00%	1,00%	10,00%	1,00%	100,00%	
4TIC	12	24	28	13	11	9	5	102	28
	11,76%	23,53%	27,45%	12,75%	10,78%	8,82%	4,90%	100,00%	
	42,86%	85,71%	100,00%	46,43%	39,29%	32,14%	17,86%	364,29%	
	8,00%	15,00%	60,00%	10,00%	1,00%	5,00%	1,00%	100,00%	
2PROG	6	19	19	8	3	10	3	68	19
	8,82%	27,94%	27,94%	11,76%	4,41%	14,71%	4,41%	100,00%	
	31,58%	100,00%	100,00%	42,11%	15,79%	52,63%	15,79%	357,89%	
	8,00%	15,00%	55,00%	10,00%	1,00%	10,00%	1,00%	100,00%	

## 8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A continuación indícanse os indicacores para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

<b>1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente</b>				
(Indicadores de logro)	Escala			
<b>Proceso de ensino:</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
<b>Práctica docente:</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Cando se plantea a recuperación da área de Tecnoloxía-s da ESO, ó pasar de curso con ela pendente poden darse varias situacións:

- Que o alumno teña a Tecnoloxía como asignatura obrigatoria no ano que esté cursando; este é o caso dos que en terceiro da ESO teñen pendente a de segundo.
- Que o alumno teña como asignatura optativa troncal escollida a Tecnoloxía, como é o caso dos que están cursando cuarto e teñen pendente a de terceiro.
- Que o alumno pase a cuarto coa Tecnoloxía pendente sen acadar os obxetivos de terceiro e decida non ter nunca máis clase de Tecnoloxía.

As solucións que se plantexan a estas situacións anteriores son diversas:

- Nos casos nos que o alumno reciba clase de Tecnoloxía, o profesor que lle imparte a materia valorará a adquisición dos mínimos no seu curso ademais do seguemento do Departamento Didáctico.
- Nos casos en que o alumno decida non ter máis clase de Tecnoloxía deberá recibir un seguemento por parte do Departamento Didáctico, para comprobar que acadou nalgún momento os obxectivos mínimos.

Un modelo de seguemento ou actualización de contidos é o que se plantexa a continuación podendo ser adaptado ás necesidades de cada situación:

- A recuperación realizarase en dous períodos: o primeiro período finalizará no mes de febreiro, tendo que entregar un caderno cos exercicios e traballos propostos. Ademais terá lugar unha proba escrita fixada durante este mes que abordará cuestións relacionadas con estes traballos.
- Finalizado o primeiro período comenizará outro que se alargará ata o mes de maio e os seus contidos serán entregados oportunamente. Este finalizará con unha proba escrita que terá lugar ó longo do mes de maio.
- O alumno pode estar exento de realizar algunha, ou as dúas probas escritas, citadas nos párrafos anteriores se o Departamento así o considera despois de valorar os exercicios e traballos entregados.

A recuperación da materia pendente de TIC I de 1º de bacharelato realizarase con dous exames que marcará o centro durante o curso (aproximadamente en febreiro e maio), este exame terá unha parte práctica e outra teórica. O exame poderá ser reducido se o alumno entrega as prácticas indicadas polo departamento ao longo do curso. O exame da convocatoria extraordinaria, será o mesmo que a dos alumnos do presente curso.



## **10 PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS EN MATERIAS DE BACHARELATO**

Para cursar a materia de TECNOLOXÍA INDUSTRIAL de 2º de bacharelato o alumnado debería ter cursado a materia de TECNOLOXÍA INDUSTRIAL de 1º de bacharelato no caso de non ser así o departamento valorará se é necesario que o alumno realice unha proba para acreditar os seus coñecemento. Esta proba será similar a realizada polo alumnado de 1º na proba extraordinaria de setembro.

Para cursar a materia de TIC de 2º de bacharelato o alumnado debería ter cursado a materia de TIC de 1º de bacharelato no caso de non ser así o departamento valorará se é necesario que o alumno realice unha proba para acreditar os seus coñecemento. Esta proba será similar a realizada polo alumnado de 1º na proba extraordinaria de setembro.

Estas probas poden ser non necesarias se o alumnado acredita dalgún xeito os seus coñecementos previos.

## **11 AVALIACIÓN INICIAL**

Na primeiras semanas do curso 2021/2022 realizarase unha avaliación inicial en cada materia do departamento polo profesor que a imparte, para detectar carencias e necesidades do alumnado.

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Para realizar esta avaliación realizaremos actividades/probas (tanto orais coma escritas) para coñecer o punto de partida dos nosos alumnos.

Se terán en conta as seguintes cuestións

- En que data se realizará? - No mes de setembro
- En que consistirá? - Probas prácticas de exercicios sinxelos relacionados cos estándares (tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc. )
- Como se informará á familia? - Mediante a colaboración co titor/a.

Despois de valorar os resultados, no caso de ser necesario realizaranse actividades de reforzo para todo o grupo, ou para algúns alumnos en concreto, para acadar os coñecementos necesarios como punto de partida para o seu proceso de aprendizaxe no presente curso.

## 12 MEDIDAS DE ATENCION A DIVERSIDADE

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas de avaliación
- Apoios en pequeno grupo
- Tutorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Para os alumnos que se observa certa dificultade na adquisición das capacidades que permitan estar en disposición de adquirir coñecementos, se presentarán actividades de reforzo.

Tamén será necesario programar actividades complementarias, de ampliación, dirixidas a aqueles alumnos menos necesitados de axuda, ou que resollen tarefas comúns con maior rapidez e desexen proseguir a súa aprendizaxe de forma autónoma. Tamén programar actividades de reforzo para aqueles alumnos que as necesiten.

## 13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos elementos transversais establecidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, dende o Departamento de Tecnoloxía traballaremos contidos propostos polo centro, colaborando nas distintas actividades e celebracións durante o curso.

Os elementos transversais propostos polo centro son os seguintes.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.
2. O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual, ou social.
3. Contra da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, por ideoloxía, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do xenocidio franquista e do Holocausto xudeu como feitos históricos.
4. Fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
5. A seguridade viaria

## **14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Neste curso 2021/22 se a situación sanitaria o permite e sempre respetando as medidas de prevención da COVID establecidas no momento de realizar a actividade propoñense como actividades complementarias as seguintes:

- Visita o MUNCYT de A Coruña.
- Visita a depuradora de Ribadumia.
- Visita a algunha empresa do entorno con interese desde o punto de vista das materias do Departamento.
- Visita a Citroen (se permiten as visitas).
- Posibilidade de participar nalgunha competicións de robótica.

Estas actividades poden verse alteradas según as necesidades do centro. Podendo ser substituídas por outras ou engadindo/eliminando algunha actividade.

## **15 REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

O alumnado poderá consultar a programación nos ordenadores da biblioteca do instituto e na copia que se deposita no centro.

A programación será revisada durante todo o curso e en cada reunión do departamento e se farán propostas de mellora co fin de realizar as modificacións necesarias. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

## **16 ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.**

Para poder facer fronte aos posibles escenarios en función da situación sanitaria no que se poden dar 3 casos: actividade lectiva presencial, semipresencial ou non presencial, terase en conta o seguinte:

No ensino presencial potenciarase o uso coa aula virtual do centro (ou EVA-Edixgal en na ESO), establecendo nesta un diario de aula onde se incorporan os recursos utilizados nas clases presenciais. Tamén se fomentará a entrega de tarefas en formato dixital a través das aulas virtuais.

No caso de que algún alumno no poida seguir a actividade lectiva de forma presencial por enfermidade, corentena ou calquera outro motivo, poderá seguir as clases de forma semipresencial ao dispoñer dos recursos, indicacións, así como a entrega de tarefas a través a través da aula virtual. Tamén se disporá dun espazo de dúbidas (foros) para que o alumnado poda realizar as consultas necesarias.

No caso de que todo o alumnado teña que seguir a actividade lectiva de forma non presencial, realizarase igualmente a través da aula virtual do centro (ou EVA-Edixgal na ESO) para o que non debería suponer un cambio, xa que esta será usada nas clases presenciais. Pero neste caso complementarase con videoconferencias usando a plataforma Cisco Webex ou Falemos (ambas corporativas).

Preténdese que a transición entre os distintos escenarios non supoña ningún cambio brusco para o alumnado, polo que o uso dos distintos recursos TIC será traballado nas clases presenciais, para que no caso de ser usados na modalidade a distancia o alumnado teña as destrezas necesarias.

As prácticas realizadas no presente curso serán preferentemente usando simuladores ou con material individual para que o alumnado non o comparta. Tamén se aplicará este criterio na realización dos proxectos que serán preferentemente individuais pero sen renunciar ao traballo en grupo e de cooperación (podendo chegar a formar un proxecto final conxunto, xuntando os proxectos individuais), pero evitando en todo momento o contacto e respectando o protocolo sanitario establecido en cada momento.

### **16.1 TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL**

Tentarase na medida do posible manter unha metodoloxía moi práctica. Seguindo coa metodoloxía de proxectos y substituíndo as prácticas no taller por simulacións realizadas nun ordenador. Favorecerase o uso das TIC, e actividades de auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

A metodoloxía da docencia non presencial usará como punto de encontro para o alumnado da ESO o EVA-Edixgal e para o alumnado de BACHARELATO a aula virtual do centro. No uso de calquera dos entornos de aprendizaxe citados, proseguirase co proceso

educativo, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo. Realizaranse actividades de reforzo e ampliación das aprendizaxes para que o alumnado avance ou reforce nos seus coñecementos.

As actividades plantexadas a través dos entornos virtuais de aprendizaxe serán guiadas e titorizadas, flexibilizando os prazos de entrega segundo a situación de cada alumno. Ademais terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán, dentro do posible, o traballo en equipo e a interacción entre o alumnado.

Plantexaranse actividades de reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas no caso de ter algún trimestre suspenso.

Adaptaranse os instrumentos utilizados para a avaliación á metodoloxía a distancia, empregando:

- Entrega de tarefas a través da aula virtual do centro ou EVA-Edixgal.
- Cuestionarios realizados on-line.
- Prácticas realizadas con simuladores a través de Internet.
- Exposicións de traballos por videoconferencia.
- Realización de prácticas e proxectos adaptados ao ambiente doméstico podendo ser realizados de forma individual. Pero sempre se procurará que sexan realizados en grupos utilizando ferramentas TIC axeitadas.

As probas escritas, aplazaranse para ser realizadas no periodo de actividade lectiva presencial. No caso de non ser posible, poden ser substituídas por outro tipo de actividades, pero sempre garantizando que sexa o alumnado quen realiza dita actividade, realizando as comprobacións necesarias, incluso a posteriori para verificar os resultados.

## **16.2 CUALIFICACIÓN FINAL NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL**

A nota final obterase respectando os criterios establecidos no apartado “**7 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**” da presente programación.

Adaptaranse os instrumentos utilizados para a avaliación á metodoloxía a distancia, xa indicados nos apartados anteriores.

As probas escritas, aplazaranse para ser realizadas no periodo de actividade lectiva presencial. No caso de non ser posible poden ser substituídas por outro tipo de actividades, pero sempre garantizando que sexa o alumnado quen realiza dita actividade, realizando as comprobacións necesarias, incluso a posteriori para verificar os resultados.

<b>COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO:</b>	
<b>PROFESOR</b>	<b>MATERIA (GRUPO)</b>
<b>RAFAEL IGLESIAS CASADO</b> (Xefe de Departamento)	TIC (4ºESO A/B/C) TIC I (1ºBAC A/B/C) ROBOTICA(1ºBAC A/B/C) PROG. E CONTROL (2ºBAC A/B/C)
<b>MARIA DEL CARMEN MOURIÑO SESTELO</b> (Secretaria do IES)	TECNOLOXÍA (2ºA/2ºB) TEC. INDUST. (2ºBAC A/B/C)
<b>JUSTA NOVOA GARCÍA</b>	TECNOLOXÍA (3ºA/3ºB) TECNOLOXÍA (4ºA/B/C) TEC. INDUST. (1ºBAC A/B/C) TIC II (2ºBAC A/B) PROGRAMACIÓN (2ºESO A/B)

Cambados, Setembro de 2021